

Carta de Dereitos e Deberes

Dereitos

■ Tódolos pacientes/usuarios dos servizos sanitarios de Ibermutuamur teñen dereito:

1. Ó respecto da súa personalidade, dignidade humana, autonomía da súa vontade e intimidade, sen que poidan ser discriminados por razóns de orixe racial, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. A recibir un trato humano, amable, comprensivo e respectuoso.
3. A recibir unha atención sanitaria de calidade que se concretará mediante a prestación dunha asistencia técnica correcta por persoal cualificado, e, en todo momento, cun trato personalizado.
4. A recibir completa información sobre os servizos e prestacións ós que pode acceder, e respecto dos requisitos necesarios para que estes lles sexan dispensados ou recoñecidos. Esta información e o resto de informacións que están contidas nesta carta de dereitos e deberes poderá ser prestada en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma que requira o paciente/usuario ou os seus familiares.
5. A recibir información completa e continuada, en todo o referente ó seu proceso, incluíndo diagnóstico, alternativas de tratamento e os seus riscos e pronósticos, isto, salvo nos casos debidamente acreditados, nos que razóns de necesidade terapéutica fagan aconsellable, en evitación dun posible prexuízo, a omisión desta. Esta información, que como regra xeral se proporcionará verbalmente, será facilitada nunha linguaxe comprensible. No caso de que o paciente non poida, manifestamente, recibirla dita información, esta deberá proporcionarse ós familiares ou persoas legalmente responsables.

No caso de pacientes ou usuarios con necesidades especiais, asociadas a unha situación de discapacidade (perda de visión, audición, capacidade de interlocución, etc...), a que lle sexan facilitados os medios adecuados para garanti-lo pleno exercicio dos seus dereitos.
6. A renunciar a recibir información sobre o seu estado patolóxico, esta renuncia deberá ser expresa e formalizada por escrito, e quedará limitada por razóns de interese da súa saúde, da saúde pública de terceiros ou da colectividade e por razón das esixencias terapéuticas do seu caso concreto.
7. A que quede constancia por escrito ou a través de calquera tipo de soporte técnico adecuado, de todo o seu proceso, e á debida custodia da dita información clínica.
8. Á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso clínico.

9. A que se lle asigne un médico, o seu nome daráselle a coñecer, e el mesmo será o seu interlocutor principal co equipo médico. En caso de ausencia, a que outro facultativo do mencionado equipo asuma tal responsabilidade.
10. A acceder á súa historia clínica, por si ou por representación debidamente acreditada, a obter copia dos datos nela integrados, sempre e cando non se produza prexuízo a terceiras persoas, nin ó dereito dos profesionais que interviñeron na súa historia clínica.
11. Ó acceso, rectificación e cancelación dos seus datos de carácter persoal, na forma e cos requisitos e limitacións que a lexislación, no seu caso, estableza en cada momento.
12. Á libre elección entre as opcións de índole asistencial que lle presente o responsable médico do seu tratamento, sendo preciso o seu consentimento previo, salvo nos seguintes casos:
 - a. Cando exista risco para a saúde pública.
 - b. Cando exista risco inmediato grave para a integridade física ou psíquica do propio paciente/usuario e non sexa posible conseguilo seu consentimento, consultando cando as circunstancias o permitan, ós seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito a el.

O consentimento será verbal por regra xeral salvo nos seguintes casos, nos que deberá ser prestado por escrito: intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasivos e, en xeral nos casos de aplicación de procedementos que supoñan riscos ou inconvenientes de notoria e previsible repercusión negativa sobre a saúde do paciente/usuario.

13. A revogar, en calquera momento e, en todo caso por escrito, o consentimento que dera para calquera actuación no ámbito da súa saúde.
14. Nos procesos asistenciais derivados de accidente de traballo e/ou enfermidade profesional, poderá negarse ó tratamento prescrito. Neste caso propoñerase a sinatura dun documento de alta voluntaria e advertirse da perda da prestación económica nos termos previstos no artigo 132 da Lei Xeral da Seguridade Social. Igualmente, poderá solicita-la alta voluntaria.
15. A recibir un informe de alta ó finaliza-lo seu proceso asistencial.
16. Ó correcto funcionamento dos servizos asistenciais e administrativos e a que Ibermutuamur lle proporcione os medios e as condicións adecuadas que requira o seu proceso asistencial.
17. A coñecer e utiliza-las diferentes canles para presentar reclamacións, queixas, suxestións e, en xeral a comunicarse con Ibermutuamur, así como a recibir resposta a estas.
18. Ós medicamentos e produtos sanitarios que se consideren necesarios para restablece-la súa saúde nos procesos asistenciais derivados de accidente de traballo e/ou de enfermidades profesionais.
19. A que se respecten e consideren as manifestacións que se expresaran no documento de instrucións previas, no documento de testamento vital, no documento de vontades anticipadas, ou en calquera outro documento no que a finalidade sexa ordenar, a priori, as instrucións que sobre as actuacións médicas se deban ter en conta cando se encontre nunha situación na que as circunstancias que concorran non lle permitan expresar libremente a súa vontade.



Deberes

■ Tódolos pacientes/usuarios dos servizos sanitarios de Ibermutuamur teñen deber de:

1. Facilita-los datos sobre o seu estado físico ou sobre a súa saúde de maneira leal e verdadeira, así como a colaborar na súa obtención.
2. Coida-las instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade dos centros de Ibermutuamur.
3. Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas, fundamentalmente no que se refire á utilización de servizos, procedementos de baixa laboral ou incapacidade permanente, e prestacións terapéuticas e sociais.
4. Colaborar no cumprimento das normas e instrucións establecidas en e para cada centro asistencial.
5. Tratar con consideración e respecto ó persoal de Ibermutuamur, ós outros enfermos e ós seus acompañantes.
6. Esixir que se cumpran os seus dereitos.